

# Tema ABAU - Tema 9

## ► Transformación reciente na estrutura das cidades.

- Cidade difusa
- Os cambios no centro urbano (degradación /vs/ rehabilitación).
- Cambios de uso no solo urbano.



# Prácticos ABAU - Tema 9

- Comentario dun plano urbano sinalando as súas partes e a evolución histórica. (Barcelona, Madrid).
- Comentario dunha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.
- ~~Mapa do sistema urbano español.~~



# Conceptos ABAU - Tema 9

**Área suburbana** (páx 368)

**Área metropolitana** (páx 371)

~~Cualificación do solo~~

**Plan Xeral de Ordenación Urbana (P.X.O.U.)**

(páx 379)

~~Unidade veciñal de Absorción (U.V.A.)~~

**Xentrificación** (páx 379)

+

**Parroquia, Municipio, Provincia, Comunidade**

**Autónoma, Estatuto de Autonomía (Tema 11)**



## Área suburbana (páx 368)

É un espazo que forma parte da periferia actual das grandes cidades no que se produce unha gradual transición cara ás áreas rurais adxacentes. Estas áreas mostran unha mestura nos usos do solo (residenciais, industriais, comerciais, ou mesmo agrícolas,...) e soen presentar densidades demográficas máis reducidas que na urbe central e un alto volume de movementos pendulares dos seus residentes, que se dirixen ás áreas propiamente urbanas por motivos laborais ou de consumo (comercio, ocio, servizos asistenciais...).




## Área metropolitana (páx 371)

Aglomeración urbana que rodea a unha gran cidade e abarca administrativamente a varios municipios independentes, pero con importantes relacións socioeconómicas coa urbe principal. En España as principais áreas metropolitanas son as de Barcelona, Madrid, Sevilla, Zaragoza, Valencia, Bilbao e Málaga.

As condicións para que sexa posible denominar área metropolitana a unha zona son:

- **a presenza dunha cidade central** cuxa actividade económica se proxecta ao exterior.
- **entre a cidade central e os núcleos da área se establecen relacións socioeconómicas:** a cidade central ofrece emprego e servizos; e os habitantes dos municipios veciños achéganse á cidade central por motivos comerciais, laborais, educativos... o que da lugar a importantes movementos pendulares; ademais nesas áreas se instalan actividades económicas procedentes da urbe principal, xa que dispoñen de solo abundante e barato.
- **unhas infraestruturas de transportes** (autovías, cercanías...) que permitan as comunicacións entre a cidade central e a súa área de influencia.



*Madrid e a súa área metropolitana, 2010*

RANGO	ÁREA METROPOLITANA	POB. EN 2007
1	Madrid	5.952.153
2	Barcelona	4.481.559
3	Valencia	1.671.189
4	Sevilla	1.341.844
5	Málaga	1.100.082
6	Bilbao	950.155
7	Área central de Asturias	857.079
8	Alicante-Elche	748.565
9	Murcia	743.326
10	Zaragoza	731.803
11	Las Palmas de Gran Canaria	729.665
12	Vigo	662.412



RANGO	ÁREA METROPOLITANA	POB. EN 2007
13	Santa Cruz de Tenerife	573.825
14	Palma de Mallorca	490.731
15	Granada	487.717
16	Bahía de Cádiz	421.932
17	Camp de Tarragona	406.042
18	A Coruña	403.007
19	San Sebastián/Donostia	402.168
20	Valladolid	400.400
21	Santander-Torrelavega	385.665
22	Córdoba	332.545
23	Pamplona	319.208
24	Almería	212.594

*Principais áreas metropolitanas españolas, 2008*

# Plan Xeral de Ordenación Urbana (P.X.O.U.) (páx 379)

É un instrumento básico de ordenación integral do territorio. Proxecta o desenvolvemento urbano para certo número de anos: a clasificación do solo (urbano, urbanizable, non urbanizable), os usos do solo de cada zona, a edificabilidade ou densidade edificatoria, a rede viaria, fixa os espazos libres, os equipamento comunitarios, as medidas de protección ambiental, os sistemas xerais de comunicación, etc... Ademais o Plan inclúe a programación do desenvolvemento e execución do plan, as medidas de financiación, así como o período de vixencia e as circunstancias da súa revisión. O alcance deste instrumento de planificación soe ser municipal, pasando a denominarse Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

*Exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontedeume. Aprobación inicial en xuño de 2009.*



# Xentrificación (páx 379)

Procede do termo británico: gentrification, ou aburguesamento.

É un proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que o barrio se renova.

O proceso comeza cando un grupo de persoas de certo nivel económico descubren un barrio que, a pesar de estar degradado e descapitalizado, ofrece unha boa relación entre a calidade e o prezo e deciden instalarse nel. Estes grupos levan a cabo a rehabilitación e posta en valor destes espazos que adquiren un novo pulo por mor da súa centralidade. Estes barrios adoitan estar situados preto do centro da cidade ou contar con determinadas vantaxes, como estar situados preto de polos de emprego, etc.




**GENTRIFICACIÓN: Proceso de rehabilitación y/o mejora de una zona urbana deteriorada REALIZADO POR LA CLASE MEDIA EMERGENTE con fines especulativos INMOBILIARIOS resultando generalmente en la expulsión de la población de renta baja.**



## Parroquia (páx 402)

División administrativa menor que un municipio, integrada por varias aldeas (propias de Galicia e Asturias). Como tales non teñen personalidade xurídica ningunha. En Galicia existen 3.781 parroquias que comprenden dende tres ou catro aldeas ata quince ou máis. O Estatuto de Autonomía de Galicia prevé que se poida recoñecer, mediante lei, personalidade xurídica á parroquia rural.



*Mapa das parroquias galegas, as cores máis escuras indican unha maior densidade de poboación.*

## Municipio (páx 402)


É a entidade territorial básica, formada por unha ou varias localidades e os seus territorios. A súa función é prestarlles servizos aos veciños, máis variados canto maior é a súa poboación. O goberno e a administración municipal correspóndelle ao Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros. Os concelleiros elíxense polos veciños do municipio por sufraxio universal e o alcalde é elixido polos concelleiros. En Galicia hai 314 municipios ou *concellos*.

### *Mapa dos municipios de España e Portugal.*

*A 1 de xaneiro de 2015 había en España 8122 municipios, cifra que pode variar en función de posibles anexións ou divisións.*



Federación de  
Municipios  
de Madrid



# Provincia (páx 402)

É unha entidade territorial local formada por unha agrupación de municipios. A súa función é fomentar os intereses provinciais, prestar servizos de ámbito provincial, coordinar os servizos dos municipios e cooperar con eles. O goberno e a administración provincial correspóndenlle á Deputación, integrada por un presidente e deputados. Os deputados escóllense entre os concelleiros electos e estes, á súa vez, elixen o presidente. En España hai 50 provincias.

*A delimitación actual das provincias españolas coincide practicamente coa división realizada polo ministro de Fomento Javier de Burgos de 1833, momento no que se organizou o territorio en 49 provincias, que pasaron a ser 50 en 1927, cando as Illas Canarias se dividen en dúas provincias.*



**FEDERACION ESPAÑOLA DE  
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS**

# Comunidade Autónoma (páx 402)

É unha entidade territorial formada por provincias limítrofes, territorios insulares, ou provincias con entidade rexional histórica, dotadas de autonomía lexislativa e capacidade de autogoberno sobre os asuntos da súa competencia. En España hai 17 Comunidades Autónomas, constituídas despois da morte de Franco, entre 1978 e 1983, tras a aprobación polas Cortes dos seus respectivos Estatutos de Autonomía, onde se establecen as súas normas básicas de funcionamento.

*Todas as Comunidades Autónomas contan con institucións propias: Parlamento, Goberno Autonómico (formado polo Presidente e os Conselleiros), e Tribunal Superior de Xustiza. As competencias exclusivas do Estado central están coordinadas en cada Comunidade polo Delegado do Goberno.*



# Estatuto de Autonomía (páx 404)

É a norma legal básica pola que se rexen todas as Comunidades Autónomas. Nelas establécese a súa denominación e símbolos (bandera, escudo, himno...); a súa delimitación territorial; os nomes, organización e sede dos seus organismos autónomos; as competencias asumidas e as bases para o traspaso doutras. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi promulgado o 6 de abril de 1981.

*A Constitución de 1978 establece a indisoluble unidade da nación española e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran, así como a solidariedade entre todas elas.*

